

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*Corrección de erros.-Orde do 2 de xullo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a mobilización, dinamización e sistematización da innovación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.*

Advertido erro na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 133 do xoves, 9 de xullo de 2009, é necesario facer a seguinte modificación:

Na páxina 11.935, primeira e segunda alínea, onde di:

«1. As subvencións imputaranse ás aplicacións orzamentarias que se indican neste artigo, nas cales existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2009, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria.

Aplicación orzamentaria	Crédito anualidade 2009
10.02.741A.771.0	700.000 €
10.02.741A.781.0 *	1.000.000 €
Total	1.700.000 €

2. A aplicación marcada cun asterisco está cofinanciada con fondos Feder».

Debe dicir:

«1. As subvencións imputaranse ás aplicacións orzamentarias que se indican neste artigo, nas cales existe crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2009, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria.

Aplicación orzamentaria	Crédito anualidade 2009
10.02.741A.771.0*	700.000 €
10.02.741A.781.0	1.000.000 €
Total	1.700.000 €

2. A aplicación marcada cun asterisco está cofinanciada con fondos Feder».

#### CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Orde do 26 de agosto de 2009 pola que se fixa o prezo de venda ao público de diversas publicacións.*

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51 sinala a obriga de que os pre-

zos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo de informe favorable da Consellería de Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato, e despois de emitido informe favorable da Consellería de Facenda, esta consellería

#### DISPÓN:

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ao público das publicacións editadas pola Consellería de Sanidade e que se relacionan no anexo.

2. Estes prezos entenderanse, de ser o caso, con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2009.

M<sup>a</sup> Pilar Farjas Abadía  
Conselleira de Sanidade

#### ANEXO

*-Diplomado en sanidade 2008. Cadernos de investigación sanitaria: 15 euros.*

*-Eficacia y efectividad del inicio precoz del tratamiento renal sustitutivo en la insuficiencia renal crónica avanzada: 3,74 euros.*

### IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

#### CONSELLERÍA DE FACENDA

*Resolución do 8 de setembro de 2009, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se aproban e se fan públicas as listas provisionais de novos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección de consumo, en virtude do prazo extraordinario aberto coa Orde do 13 de xullo de 2009.*

En virtude da Orde do 21 de novembro de 2008 (DOG nº 234, do 2 de decembro) convocouse o proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala técnica de inspección de consumo.

A dita orde foi posteriormente modificada pola Orde do 13 de xullo de 2009 (DOG nº 137, do 15 de xullo), o que determinou a apertura dun prazo extraordinario para a presentación de solicitudes.

Unha vez rematado o prazo sinalado na orde referida, e de conformidade co establecido no artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Admi-